



Teaching Guide				
Identifying Data				2016/17
Subject (*)	Literatura Galega	Code	613G03012	
Study programme	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	Yearly	Second	Obligatoria	9
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinador	Lopez Fernandez, Maria Teresa	E-mail	t.lopez@udc.es	
Lecturers	Eirin García, Leticia Lopez Fernandez, Maria Teresa Samartin López-Iglesias, Roberto	E-mail	leticia.eirin@udc.es t.lopez@udc.es roberto.samartin@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
General description	Estudo da literatura galega a través dos seus textos máis representativos.			

Study programme competences	
Code	Study programme competences

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer e aplicar as técnicas de análise literaria.	A1 A2 A15	B7	C1
Realizar por escrito documentos científicos (recensións, comentarios, etc.)	A2 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C6
Coñecer as principais etapas da literatura galega, da Idade Media á contemporaneidade.	A7 A11 A14	B3 B8	C6
Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á literatura galega.	A11 A14	B1 B3 B7	C6
Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.	A7 A11 A14 A15	B9 B10	C1 C6
Coñecer e manexar os principais recursos web e bibliográficos sobre a literatura galega nas súas diferentes etapas.	A11	B1 B3	C6
Ser capaz de pór en relación os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras de características similares.	A11 A14 A15	B3 B5	C6
Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia.	A4 A9 A15	B4	C1



Contents	
Topic	Sub-topic
1. A literatura galega	1.1 Definición, caracterización, periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. Literatura medieval galego-portuguesa.	2.1 Lírica profana. Cantiga de amor. Cantiga de amigo. Cantiga de escarnho e maldizer. 2.2 Lírica relixiosa. Cantigas de Santa María 2.3 A prosa medieval.
3. A literatura nos séculos XVI-XVIII.	3.1 O concepto "Séculos Escuros". Unha ilustración galega?
4. O século XIX. O Rexurdimento.	4.1 Prerrexurdimento, rexurdimento, rexionalismo. 4.2 A poesía. Rosalía de Castro: Cantares Gallegos. 4.3 A poesía. Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. 4.4 A prosa e o teatro. Período Intersecular.
5. O século XX.	5.1 As Irmandades da Fala. A renovación do sistema. 5.1.1 Grupo Nós. Vicente Risco. Ramón Otero Pedrayo. Afonso Daniel R. Castelao. 5.1.2 As Vangardas. Manuel Antonio. 5.2 A guerra civil. A literatura do exilio 5.2.1 Luís Seoane. 5.3 A recuperación da actividade literaria na posguerra. 5.3.1 A narrativa. Eduardo Blanco-Amor. 5.3.2 A poesía. Movements e autores. Álvaro Cunqueiro. 5.4. De 1975 á actualidade. Diversificación xenérica. 5.4.1 A narrativa. Xosé Luís Méndez Ferrín. 5.4.2. A poesía. 5.4.3. O teatro.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	B5 C6	1	0	1
Document analysis	A1 A9 A11 A15	11	11	22
Workbook	A4 A7 B3 B6 B7	0	40	40
ICT practicals	B1 B3 B4	1	1	2
Guest lecture / keynote speech	B8 B9	30	21	51
Oral presentation	A2 A4 A9 C1	10	10	20
Seminar	A11 A14 A15 B1 B3 B4 B7 B10	12	10	22
Events academic / information	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	2	2	4
Supervised projects	A7 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	2	20	22
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A7 A9 A11 A14 A15 B3 B5 B6 B7 B10 C6	4	35	39
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Introductory activities	Exposición xeral do funcionamento da materia e realización de actividades prácticas para familiarizar o alumnado co funcionamento de bases de datos e repositorios dixitais, cos recursos bibliográficos, e coa metodoloxía das actividades avaliábeis.
Document analysis	Lectura, análise e comentario de códigos, textos e paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...).
Workbook	Realización das lecturas obrigadas que se indican no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que indique o profesorado.
ICT practicals	Prácticas en que se utilizarán de maneira case exclusiva os recursos en rede incluídos no apartado 8 da guía.
Guest lecture / keynote speech	Sesións de traballo en que o profesorado expón os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado.
Oral presentation	Exposición na aula, necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio.
Seminar	Traballo en grupos reducidos coa finalidade do estudo intensivo dun tema. Discusión, participación, elaboración de conclusións nas que se envolveren todos os participantes do seminario.
Events academic / information	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Supervised projects	Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a orientación e co seguimento do profesorado da materia. As características e condicións de realización do traballo explicaranse no inicio do curso e acordaranse co alumnado.
Mixed objective/subjective test	Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test, etc.

Personalized attention

Methodologies	Description
Document analysis Seminar Supervised projects	Durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos.

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Events academic / information	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas que se entregarán ao profesorado.	10
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A7 A9 A11 A14 A15 B3 B5 B6 B7 B10 C6	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test... A través da proba mixta, avaliarase o seguimento das sesións maxistras, a realización das lecturas, etc. Esta proba será única mais realizarase en dúas partes: a primeira no mes de febreiro, en data que se acordará nas aulas; a segunda, no mes de maio na data fixada oficialmente pola Facultade.	40
Document analysis	A1 A9 A11 A15	Lectura e, no seu caso, análise e comentario na aula dos textos indicados polo profesorado e colocados na plataforma moodle. Haberá que entregar unha actividade escrita relacionada con estas lecturas.	15
Seminar	A11 A14 A15 B1 B3 B4 B7 B10	Nas sesións en forma de seminario, cada estudante deberá realizar unha presentación oral de acordo coas instrucións do profesorado. Valorarase tamén a participación efectiva de cada estudante no conxunto destas sesións	10
Supervised projects	A7 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	Valorarase o traballo realizado segundo as indicacións e o acompañamento do profesorado, e a súa presentación oral na aula.	25

Assessment comments



Para superar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade, a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10. Tendo en conta esta condición, a cualificación final da materia responderá á aplicación das porcentaxes recollidas no cadro anterior. Caso da suma das cualificacións do conxunto superar o 5 mais sen obter o mínimo de 4 na proba escrita, farase constar como cualificación final 4,9.

1. OPORTUNIDADE DE XULLO

Deberá presentarse/realizarse as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente.

O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

2. NON PRESENTADO

Será considerado NON PRESENTADO/A o alumno quen non se presente a ningunha das partes da proba escrita.

3. DISPENSA ACADÉMICA

Quen teña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:

1. Proba mixta (50%). 2. Análise de fontes (15 %). 3. Traballo titorizado (25 %), que incluíra a presentación oral. 4. Presentación oral (10 %). Para fixar as condicións e, no seu caso, as datas de entrega/realización de actividades o alumnado deberá pórse en contacto coa profesora Teresa López (t.lopez@udc.gal) antes do día 30 de setembro. 4. ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas deberá comunicalo a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.gal antes do día 15 de setembro. Neste caso, o seu sistema de avaliación será similar ao do alumnado con dispensa académica.

5. ALUMNADO CON INCOMPATIBILIDADE HORARIA POR RAZÓNS LABORAIS

O alumnado que tiver horario laboral incompatible co seguimento da materia mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica deberá comunicalo a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.gal antes do día 15 de febreiro. Unha vez realizadas as oportunas comprobacións, poderá ter as condicións de avaliación recollidas no punto 3.

6. CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO

Consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba oral (50% da cualificación) que versará sobre as lecturas propias da materia.

Sources of information

Basic	Obras de lectura: Selección de textos medievais. Rosalía de Castro, Cantares gallegos. Afonso Daniel R. Castela, Cousas. Ramón Otero Pedrayo, Contos do camiño e da rúa. Rafael Dieste, A fiestra valdeira. Luís Seoane, A soldadeira. Eduardo Blanco-Amor, A Esmorga. Álvaro Cunqueiro, Herba aquí ou acolá. Xosé Luís Méndez Ferrín, Amor de Artur e outros contos con Tagen Ata ao lonxe. Selección de textos da Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000) preparada por Arturo Casas. Teresa Moure, Herba moura. Cando for preciso, o profesorado indicará cales son as edicións recomendadas para a lectura.
--------------	---



Complementary	<p>O profesorado da materia proporcionará unha listaxe de recursos bibliográficos específicos para os temas tratados nesta materia a través da plataforma virtual moodle. Como obras de consulta de carácter xeral, indícanse agora as seguintes: Carballo Calero, Ricardo, Historia da Literatura Galega Contemporánea, Galaxia, Vigo, 1981. Tarrío, Anxo, Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica, Xerais, Vigo, 1997. Tarrío, Anxo (coord.), Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV), Hércules de edicións, A Coruña. Tato Fontaíña, Laura, Historia do teatro galego. Das orixes a 1936, A Nosa Terra, Vigo, 1999. Vilavedra, Dolores (coord.), Dicionario da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1995-2000. Vilavedra, Dolores, Historia da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1999. VV. AA., Historia da Literatura Galega, A Nosa Terra, Vigo, 1996, 5 vols. E os recursos en liña: Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura: http://www.poesiagalega.org Asociación de escritores en lingua galega, cun centro de recursos virtuais: http://www.aelg.org Biblioteca virtual de prensa histórica: http://prensahistorica.mcu.es/es/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion Biblioteca virtual galega da Universidade da Coruña: http://bvg.udc.es/index.jsp Centro Ramón Piñeiro: dicionario de termos literarios, base de datos da lírica profana galego-portuguesa, informes de literatura: http://www.cirp.es Fundación Curros Enríquez: http://www.currosenriquez.es/ Fundación Rosalía: http://www.rosaliadecastro.org Galiciana. Biblioteca de Galicia: http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion http://www.cultu ragalega.org/lg3 (portal da lingua do Consello da Cultura Galega) Mediateca do Consello da Cultura Galega: http://consellodacultura.org/mediateca/index.php Plataforma open access de revistas científicas electrónicas españolas e latinoamericanas: http://www.erevistas.csic.es/directorio.php?idClas=6 Portal da Cantigas Medievais Galego-Portuguesas, Projeto Littera da Universidade de Lisboa: http://cantigas.fcsh.unl.pt Real Academia Galega, hemeroteca e biblioteca virtual: http://academia.gal Repositorio institucional da Universidade da Coruña: http://ruc.udc.es/dspace/Sección Letras Galegas da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: http://www.cervantesvirtual.com/areas/letras?galegas?0/</p>
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

O/a estudante que precise falar co profesorado fóra do horario de atención establecido oficialmente, poderá concertar unha cita a través do correo electrónico, nos enderezos que figuran nesta guía. Para as comunicacións relativas á materia, o profesorado utilizará como canais preferentes, ademais da comunicación oral nas aulas, a plataforma moodle e o enderezo de correo electrónico institucional do alumnado.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.